

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO
PLENO DO DÍA 24 DE ABRIL DE 2008. NÚM. 5 /2008.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO. (P.P.)

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (P.P.)

D^a.M^a. FÉ CORTIZO MATO. (P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P.)

D. NICOLÁS VARELA GARCÍA. (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ. (P.P.)

D^a.NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (P.P.)

D^a.MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)

D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO. (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG- PSOE)

D^a. MARTA LÁZARA FONTAO. (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)

D^a.BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG)

D^a.SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN. (BNG)

D^a.GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE. (BNG)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

AUSENTES: D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO.

ÍNDICE

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
 - 2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.
 - 3.- Expediente de modificación de crédito núm. 3-P/2008.
 - 4.- Expediente de honras e distincións.
 - 5.- Proposta da Comisión Especial do Rueiro para poñer nomes a 21 rúas.
 - 6.-Mocións do P.P.
 - 6.1.- Moción do P.P. solicitando a aplicación rigorosa dos horarios de peche nos locais hostaleiros en toda Galicia.
 - 6.2.-Moción do P.P. relativa á solicitude dunha ludoteca municipal.
 - 6.3.-Moción do P.P. para solicitar que se declare festa de interese turístico nacional á Feira do Cocido de Lalín.
 - 7.- Mocións do PSdeG-PSOE.
 - 7.1.-Moción do PSdeG-PSOE solicitando a adopción de determinadas medidas en materia de tráfico.
 - 7.2.-Moción do PSdeG-PSOE solicitando determinadas melloras tecnolóxicas.
 - 7.3.-Moción do PSdeG-PSOE solicitando melloras na estrada EP 6004.
 - 7.4.-Moción do PSdeG-PSOE relativa ao control dos ruídos.
 - 8.- Mocións do BNG
 - 8.1.-Moción do BNG solicitando a execución de obras e servizos de mantemento e conservación do paseo do río Pontiñas.
 - 8.2.-Moción do BNG reclamando unha Axencia Tributaria para Lalín.
 - 8.3.-Moción do BNG reclamando a constitución do Consello Escolar Municipal.
 - 9.-Moción por urxencia do P.P. solicitando a derogación do Decreto do Hábitat Galego.
 - 10.- Rogos e preguntas.
-

Sendo as dez horas do día 24 de abril de 2008, martes, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora. Actúa como Secretario Xeral D. César López Arribas.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

D. Manuel Miguélez Montoto non asistiu á sesión por razóns de saúde.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia da acta da sesión ordinaria de 27 de marzo de 2008. De seguido o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Salientou D^a. Marta Lázara Fontao que nas páxinas:

- Páxina 21: onde dicía viron, era en galego viñeron.
- Páxina 26: na liña na votación catro (3), debía figurar catro (4).
- Páxina 26: onde di unhas determinadas obras, referíase a outras obras.

O Sr. Secretario tras admitir as dúas primeiras correccións, afirmou que a terceira referíase a outras obras, e que o sentido estaba recollido, en todo caso engadindo unhas obras determinadas.

Con este engadido, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2008, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

1.- Decreto da Alcaldía de 25 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. María Jesus Dablanca Pallares por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **18,70 € e 28,50 €**, respectivamente.

2.- Decreto da Alcaldía de 25 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. M^a Paz Pérez Asorey (Xaneiro) por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **26,67 € e 389,32 €**, respectivamente.

3.- Decreto da Alcaldía de 25 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. M^a Paz Pérez Asorey por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **53,34 € e 160,10 €**, respectivamente.

4.- Decreto da Alcaldía de 25 de marzo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. M^a. Paz Pérez Asorey (Febreiro) por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **80,01 € e 275,80 €**, respectivamente.

5.- Decreto da Alcaldía de 25 de marzo de 2008, polo que se aproba a factura nº 0030222860 de **REPSOL BUTANO S.A.** en concepto de aluguer depósitos piscinas municipais no mes marzo polo importe de **95,42 €**

6.- Decreto da Alcaldía de 1 de abril de 2008, polo que se aproba a factura nº 28-D885-286449 de **TELEFÓNICA MÓVILES E. S.A.** en concepto de teléfono Sr. Alcalde polo importe de **67,28 €**

7.- Decreto da Alcaldía de 1 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Carlos Vence Lago por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **14,10 € e 78,09 €**, respectivamente.

8.- Decreto da Alcaldía de 4 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a Nuria Rodríguez Carral por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **32,60 €**

9.- Decreto da Alcaldía de 4 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. M^a. Jesús Dablanca Pallares por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **57,00 €**

10.- Decreto da Alcaldía de 4 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Carlos Vence Lago por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo por importe de **20,14 €**

11.- Decreto da Alcaldía de 4 de abril de 2008, polo que se aproba a liquidación da taxa por tendidos, tubarias e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período de xaneiro do ano 2008 polo importe de **13.199,05 €**a repercutir sobre **UNIÓN FENOSA S.A.**

12.- Decreto da Alcaldía de 4 de abril de 2008, polo que se aproba a liquidación da taxa por tendidos, tubarias e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período de febreiro do ano 2008 polo importe de **6.033,45 €**a repercutir sobre **UNIÓN FENOSA S.A.**

13.- Decreto da Alcaldía de 7 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Salvador González Rodríguez por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **37,40 € e 20,90 €** respectivamente.

14.- Decreto da Alcaldía de 8 de abril de 2008, polo que se aproba a factura de **C.S. ADESLAS** en concepto de asistencia médica a funcionarios no mes de abril, polo importe de **5.244,96 €**

15.- Decreto da Alcaldía de 8 de abril de 2008, polo que se reconece-la obriga derivada da anualidade correspondente ó presente exercicio económico do anticipo concedido pola Caixa de Anticipos de Cooperación Provincial ó Concello de Lalín con destino ao financiamento de investimentos a realizar no exercicio 2004, por importe de **7.385,69 €**

16.- Decreto da Alcaldía de 9 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. Fátima Cortizo Seijas por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **37,40 € e 20,90 €** respectivamente.

17.- Decreto da Alcaldía de 9 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Nuria Granja Fociños por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **3,04 €**

18.- Decreto da Alcaldía de 9 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. José Varela Calvo por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **37,40 € e 31,35 €** respectivamente.

19.- Decreto da Alcaldía de 9 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Jesús Barreira Fernández por gastos de manutención na realización de comisións de servizo, polo importe de **37,40 €**.

20.- Decreto da Alcaldía de 9 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. José Manuel Méndez García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **37,40 € e 31,35 €** respectivamente.

21.- Decreto da Alcaldía de 9 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Francisco Guerra García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **37,40 € e 62,70 €** respectivamente.

22.- Decreto da Alcaldía de 9 de abril de 2008, polo que se aproba a factura nº D203806 da **XUNTA DE GALICIA DOGA** en concepto de anuncio DOGA renting motoniveladora, por importe de **456,23 €**

23.- Decreto da Alcaldía do 9 de abril de 2008 polo que se reconece a obriga de **272,20 €** a **AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, C.E.S.A. (ACEGA)** e **16,54 €** a **AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO (AUDASA)** correspondente ao recibo do OBE polo telepeaxe do período de febreiro de 2008.

24.- Decreto da Alcaldía de 11 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. Inmaculada Vilariño Vázquez por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polo importe de **189,33 €**

25.- Decreto da Alcaldía de 11 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a Niza

Romero Areán por gastos de manutención na realización de comisións de servizo, polo importe de **178,50 €**

26.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. María Pérez Seoane por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, polo importe de **20,90 €**

27.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. María Brea Mella por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **18,70 € e 12,54 €**, respectivamente.

28.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de indemnización a percibir por D^a. Elena Urrestarazu Ucin (marzo) por gastos de manutención e locomoción na realización de tarefas de colaboración, por importe de **43,45 €**

29.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Jorge García Fernández por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **32,30 €**

30.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproban as liquidacións de indemnizacións aos membros do tribunal por asistencia ás sesións polos importes de **1.796,37 €, 35,99 € en concepto de indemnizacións aos colaboradores por comisións de servizo e 747,45 € en concepto de indemnizacións por gastos de viaxe polo uso de vehículo particular por comisións de servizo**, correspondentes ás probas selectivas convocadas polo Concello de Lalín para a selección de tres **Gardas da Policía Local**.

31.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproban as liquidacións de indemnizacións aos membros do tribunal por asistencia ás sesións polos importes de **1.215,37 €, 67,57 € en concepto de indemnizacións aos colaboradores por comisións de servizo e 136,80 € en concepto de indemnizacións por gastos de viaxe polo uso de vehículo particular por comisións de servizo**, correspondentes ás probas selectivas convocadas polo Concello de Lalín para a selección de **dois Auxiliares Administrativos**.

32.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproban as liquidacións de indemnizacións aos membros do tribunal por asistencia ás sesións polos importes de **1.098,12 € e 243,20 € en concepto de**

indemnizacións por gastos de viaxe polo uso de vehículo particular por comisións de servizo, correspondentes ás probas selectivas convocadas polo Concello de Lalín para a selección dun **Arquitecto Técnico**.

33.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproban as liquidacións de indemnizacións aos membros do tribunal por asistencias ás sesións polos importes de **1.122,78 € e 243,20 € en concepto de indemnizacións por gastos de viaxe polo uso de vehículo particular por comisións de servizo**, correspondentes ás probas selectivas convocadas polo Concello de Lalín para a selección dun Inspector Xefe de Obras e Servizos.

34.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproban as liquidacións de indemnizacións aos membros do tribunal por asistencias ás sesións polos importes de **1.053,17 € e 121,60 € en concepto de indemnizacións por gastos de viaxe polo uso de vehículo particular por comisións de servizo**, correspondentes ás probas selectivas convocadas polo Concello de Lalín para a selección de dous **Inspectores de Obras e Servizos**.

35.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproban as liquidacións de indemnizacións aos membros do tribunal por asistencias ás sesións polos importes de **772,13 € e 182,40 € en concepto de indemnizacións por gastos de viaxe polo uso de vehículo particular por comisións de servizo**, correspondentes ás probas selectivas convocadas polo Concello de Lalín para a selección dun Encargado da Oficina de Información ao Público.

36.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproban as liquidacións de indemnizacións aos membros do tribunal por asistencias ás sesións polos importes de **780,48 € e 182,40 € en concepto de indemnizacións por gastos de viaxe polo uso de vehículo particular por comisións de servizo**, correspondentes ás probas selectivas convocadas polo Concello de Lalín para a selección de dous **condutores-operarios**.

37.- Decreto da Alcaldía de 15 de abril de 2008, polo que se aproban as liquidacións de indemnizacións aos membros do tribunal por asistencias ás sesións polos importes de **789,20 € e 182,40 € en concepto de indemnizacións por gastos de viaxe polo uso de vehículo particular por comisións de servizo**, correspondentes ás probas selectivas convocadas polo Concello de Lalín para a selección dun **encargado de Obras**.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS nº 3-P/2008. SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 21 de abril de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na explicación do expediente, o edil delegado de facenda **D. Manuel Gómez Estévez** salientou que na obra de construción da Ronda Leste había uns gastos a realizar que se correspondían coa construción dos muros das casas dos particulares tal e como se acordou. Este importe estaba a financiarse cos remanentes de tesourería que existían.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** adiantou o voto a favor desta modificación, destacando tamén que a obra da Ronda Leste estaba prevista que rematase en decembro do ano 2007 e aínda estaba sen rematar. Por elo pediu que se remate e se terminen estas obras e non demorar mais a execución da Ronda Leste.

Desde o BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** tamén adiantou o voto a favor do seu grupo.

Sometida a proposta que figura no expediente a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, sendo trece (13) do P.P., tres (3) do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

En consecuencia aprobouse a proposta da Alcaldía con base nos seguintes antecedentes:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia ó Pleno e incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 3-P/2008 a financiar con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e ante a urxente e inaprazable necesidade de realiza-los gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingúa dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito suficiente para modificar as liñas actuais delimitadas polo muros de peche existentes nas parcelas, debendo de demoler os muros existentes para recualos ás novas liñas definidas polo vial en execución na actual rúa 6.

Xa que logo, o Pleno da Corporación ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería, de acordo co seguinte detalle :

1.- Partida do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	
<u>IMPORTE</u>		
511.210.00	REP. MANTEMENTO E CONSERV. INFRAEST. E BENS NAT.	58.910,99 €
	TOTAL ALTA	58.910,99 €

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

O Remanente Líquido de Tesourería dispoñible procedente do exercicio 2006, reflectido contablemente no concepto 870.01 (Remanente de Tesourería: aplicación para financiar suplementos de crédito) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto a baixa de crédito doutra partida, consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE DE HONRAS E DISTINCIONS.-

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 21 de abril de 2008.

Brevemente o Sr. Alcalde-Presidente, *D. Xosé Crespo Iglesias*, salientou, tras indicar que todos coñecían o expediente, as conversas que mantivo cos grupos políticos e cos familiares do xa falecido *D. Xosé Cuiña*

Crespo. Había un expediente en tramite. Por Decreto e por prescrición do Regulamento en vigor designou aos tres membros da comisión D. Saturno Luis Valdés González, D. Daniel González Alén a D. Camilo González Bodaño.

Entendía que era procedente a concesión das distincións propostas. Afirmou que “todos coñecíamos a Xosé Cuiña, como persoa e como político”. Coidaba pois que a súa figura foi entrañable para todos. Doutra banda as distincións municipais déronse a persoas como Laxeiro, Ramón Aller, Matemático Rodríguez. Neste caso sucedía que ademais todo o que fixo por Lalín era recente e podía verse.

Leu a memoria do Instructor, os méritos e actuacións que xustificaban a concesión das referidas distincións. Había moitas obras feitas e moitos camiños; por exemplo citou a Avenida de Madrid, obra que lembraba foi a primeira que fixo para desviar o tráfico da estrada CN-525 Ourense Santiago; citou tamén os poucos alumeados públicos que había e se multiplicaron. En xeral houbo un beneficio para Lalín e para toda a comarca de Deza, así como para a Galicia interior e parte da Galicia costeira. Coa súa aportación contribuíu a articular e a vertebrar Galicia, citando a estrada Lalín-Rodeiro, a estrada da Serra do Candán, a autoestrada AP-53, ou o Polígono Lalín 2000 como exemplos claros da súa xestión.

A proposta, como dixo anteriormente, estaba consensuada coa familia do falecido. Houbo un acordo satisfactorio para todos, e coidaba que *D. Xosé Cuiña Crespo* merecía sobradamente estas distincións.

A rúa que agora ía cambiar en parte de nome, era a primeira obra importante que fixo *D. Xosé Cuiña Crespo* como Alcalde de Lalín; financiada polo entón Ministro de Obras Públicas, *Sr. Sancho Rof*, para desviar a circulación e para impedir que os vehículos que viñan de Ourense ou de Santiago cruzasen o casco urbano de Lalín. Agora quedará a Avenida de Madrid desde a zona da intersección da Avenida da Estación ata a rotonda de Feás.

En resume, consideraba que o falecido merecía esta rúa porque era a máis importante, porque foi a primeira obra que fixo e porque o pobo debe honrar aos seus fillos.

Desde o grupo socialista compartíase a iniciativa. Entendía, *D. Manuel María González Aller*, que Xosé Cuiña foi un home quen e apreciado en Lalín, unha persoa que soubo chegar ás xentes. Como político foi o máis importante que chegou de aquí de Lalín aos altos órganos políticos e da administración. Coidaba que sempre pensou na súa vida política en Lalín e na súa comarca. Contribuíu a cambiar e a levantar a comarca de Deza e foi o artífice de que Lalín non perdera o tren en medio da Xunta de Galicia. Un político así, coidaba, xurde cada pouco tempo. “Desde o grupo socialista queremos agradecerlle a súa laboura feita a prol de Lalín”, afirmou.

Desde o grupo nacionalista, *D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*, referiuse en primeiro lugar ó feito de que o rúeiro saía a golpe de decisión

política, en función dos intereses políticos do grupo de goberno; en segundo lugar quixo deixar claro que o seu grupo, o BNG, estaba neste tema coma en todos os temas políticos, libre, sen hipotecas e sen ligaduras políticas para pronunciarse.

Discrepaba en canto ao contido do regulamento de honras e distincións, aspecto xa reiterado noutras ocasións, en concreto no aspecto que falaba de que a comisión se integraba por persoas de prestixio de Lalín, e a estas había que buscalas e elixilas, e logo da proposta desta Comisión ao Pleno. Aludiu aos membros nomeados. De todos os xeitos quería deixar claro que a democracia reside no Pleno, e non debía estar atado por ningunha proposta ou por ningunha comisión.

Coidaba que esta distinción a *D. Xosé Cuiña Crespo* debía facerse en termos de valoracións institucionais e persoais, deixando ó marxe a súa valía política, e honrarlle naquel eido.

Estaban dacordo en recoñecer os esforzos que fixo a prol de Lalín, e por isto e porque había un acordo total no fondo coa familia, a súa postura sería favorable.

Finalmente, *D. Xosé Crepo Iglesias* deu as grazas aos voceiros da oposición pola súa postura favorable. Reiterou que por decreto tivo que nomear aos membros da comisión, algo que sempre é sesgado, porque polo seu número, quedaría xente fora da mesma e que ó mellor merecía formar parte dela, neste caso algún representante dos empresarios e dos comerciantes. Agradeceu en suma a posición favorable e anticipou que os actos terán lugar o día 17-5-2008, Día das Letras Galegas. Había tres edís xa encargados dos actos: *D. Manuel Gómez Estévez* nos actos do auditorio; *D. Camilo González Bodaño* nas obras e *D. Román Rodríguez González* coordinador dos traballos, e mesmo estaba aberto por si algún dos edís da oposición quería participar nos mesmos.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada a proposta, por **UNANIMIDADE** dos asistentes que incluíu o voto favorable de trece (13) do P.P., tres (3) do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG aprobouse a mesma con base nos seguinte antecedentes:

Mediante Decreto da Alcaldía do 11 de marzo de 2008 iniciouse o expediente para o estudo e posible concesión a título póstumo a **D. Xosé Cuiña Crespo**, dalgunha das distincións recollidas no vixente Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Lalín.

De conformidade co disposto no parágrafo segundo do artigo 21 do vixente Regulamento, nese mesmo Decreto, nomeouse ó Xuíz-Instrutor e Secretario do dito procedemento así como aos membros da correspondente Comisión de Honras e Distincións, composta polas seguintes persoas representantes da vida social, económica e cultural de Lalín:

- D. Saturno Luis Valdés González

- D. Daniel González Alén.
- D. Camilo González Bodaño.

Con data do 10 de abril de 2008, a referida Comisión presentou a súa proposta a esta Alcaldía.

Asemade o instrutor do procedemento, conforme ao sinalado no citado artigo 21 do Regulamento, presentou unha memoria que recolle sucintamente as actuacións que considerou necesarias para precisar os méritos da persoa proposta e, plenamente de acordo coa proposta da Comisión de Honras e Distincións, elevou á Alcaldía todo o expediente.

Tendo en conta os seus exemplares méritos, polos moi satisfactorios servizos a prol do Concello de Lalín, pola súa condición de “insigne lalinense, gran traballador e a súa relevancia política”, desde os seus cometidos institucionais, inicialmente na Alcaldía de Lalín, cargo que desempeñou durante once anos (1979-1990), logo na Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra (1987-1990) e finalmente ao fronte da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (COTOP) - Xunta de Galicia, departamento que dirixiu durante trece anos (1990-2003), destacando por:

- Impulsar a modernización do Concello de Lalín.
- A execución de infraestruturas estratéxicas.
- Promover o desenvolvemento económico de Lalín.
- O fomento e a difusión da cultura.
- O apoio á terceira idade.
- A dotación de zonas verdes e a recuperación de entornos naturais.
- O recoñecemento e a proxección ao exterior do Concello de Lalín.
- Situar a Lalín como referente político a nivel autonómico e estatal.

Xa que logo, aceptando plenamente os razoamentos expostos pola Comisión de Honras e Distincións nomeada para o efecto e polo Xuíz Instrutor do procedemento, **o Pleno da Corporación acordou:**

Primeiro.- Recoñecer e outorgar a título póstumo a D. Xosé Cuiña Crespo a distinción honorífica de “FILLO PREDILECTO DE LALÍN” e a concesión do nome “AVENIDA XOSÉ CUIÑA” ao treito da ata agora Avenida de Madrid, comprendido entre a rotonda existente no cruce das rúas Corredoira, Ponte e Avenida das Cruces ata o entronque da Avenida da Estación coa Avenida Montserrat.

A Avenida de Madrid quedará comprendida entre o cruce da Avenida da Estación coa Avenida Montserrat e a rotonda existente á altura da Subestación da Unión Fenosa en Feás.

Segundo.- Celebrar o vindeiro día 17 de maio de 2008 os actos da homenaxe a D. Xosé Cuiña Crespo que incluírán a entrega das distincións no Auditorio Municipal e o posterior descubrimento da placa na Avenida Xosé Cuiña.

5.- PROPOSTA DA COMISIÓN ESPECIAL DO RUEIRO.-

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que contén a proposta da Comisión Especial do Rueiro de 18 de abril de 2008. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 21 de abril de 2008.

Na explicación dos grupos políticos, o Sr. Presidente *D. Xosé Crespo Iglesias* destacou que este tema era complicado facelo en tempo, porque había moito que facere e non era fácil dar nomes ás rúas novas. Despois da “tanda” que agora se aprobaría, esperaba que antes do verano houbera outra entrega e na que se darían nomes a outras rúas. Agora ían vinte e tres e coidaba que era importante o traballo adiantado.

A modo de novidade fixo unha proposta “in voce”. En concreto o nome proposto para a rúa nº 21 (antiga rúa T) e que na proposta constaba co nome de *Enrique Vidal Abascal* propuxo deixala sobre a mesa. Argumentou para elo que estivo o día anterior en Santiago con motivo dos actos do Día do Investigador da Academia Galega das Ciencias e quedou sorprendido pola figura, a personalidade e o renome que este científico tiña no ámbito intelectual e científico en Galicia. Precisou que o día 12-10-2008 tería lugar o seu centenario e tendo en conta que xa era fillo adoptivo de Lalín, ben podía trasladarse o acto de poñer o nome a esa rúa á dita data. Lembrou que a súa nai estaba enterrada no cemiterio de Don Ramiro en Lalín, contou que estivo cos seus fillos, con dous deles en concreto *D. Enrique Vidal Abascal* (1908-1994) foi un alumno avantaxado de Don Ramón Aller e viviu en Lalín.

Por todo isto pediu reconsiderar o tema, darlle mesmo outra rúa de maior relevancia a esta persoa xa falecida, e trasladar o acto de entrega desta distinción ao mes de outubro, co gallo dos actos do seu centenario.

Desde o punto de vista socialista *D. Manuel María González Aller* tras indicar que el coñeceu persoalmente ao *Sr. Enrique Vidal Abascal*, e que mesmo tiña algún parente que era familiar seu, indicou que non poñía en dúbida a personalidade deste home e que merecía o recoñecemento que se lle facía; pero si quería destacar que había neste caso un certo perigo, porque a proposta estaba xa consensuada previamente con todos os grupos municipais. De non respectarse a proposta, crearía un precedente para o futuro. Finalmente amosouse disposto a aceptar a proposta do Sr. Alcalde.

Desde o BNG, *D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude* indicou que pagou a novatada, porque era a primeira vez que asistía a unha reunión desta Comisión do Rueiro, e coidaba que dita xuntanza non era a definitiva, senón que se presentaría un programa ou unha proposta para ser estudada polos grupos políticos e logo cada grupo traería a debate a súas propostas. De todos modos indicou que tiña algunhas dúbidas por exemplo na proposta da rúa Frai Xosé e na do Padre Oro, porque este último vivía e non estaban dacordo en conceder distincións a persoas en vida. Si estaba a favor en non colocar aínda o nome de Vidal Abascal á rúa nº 21.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada a proposta coa emenda introducida, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que incluíu o voto favorable de trece (13) votos do PP, tres (3) do PSdG-PSOE e tres (3) do BNG aprobouse a mesma e adoptouse o seguinte **ACORDO**:

Outorgar os seguintes nomes ás rúas de Lalín que a continuación se relacionan con efectos dende este intre de adopción do acordo na sesión plenaria:

Maruja Gutiérrez	Rúa resultante da agregación da antiga rúa G con novo vial e acceso ó Manuel Rivero, desde a Avda. Luís González Taboada, prolongándose polo Agro de Lalín de Arriba ata a rotonda de enlace coa Ronda Leste.
Anel do Agro	Nova apertura. Situada no Agro de Lalín de Arriba, conecta a rúa do Pinel coa rúa F (ten forma circular alongada).
da Arribada	Nova apertura: situada no Agro de Lalín de Arriba, conecta a rúa Garda Civil con Ronda Leste.
Carlos Casares	Nova apertura: na AR-24. Conecta Monte Faro coa Garda Civil.
Salgueiriños	Nova apertura, situada na AR-23.
Álvaro Cunqueiro	Nova apertura, vial central do SUE-4.
Muño do Calón	Nova apertura no SUE-4, conecta Areal con Lirios.
(*) dos Nardos	Xa existente; prolóngase no SUE-4 ata conectar con Areal.
(*) dos Xazmíns	Xa existente, prolóngase na AR-16 ata conectar con Rodo.
das Nogueiras	Nova apertura; na AR-16, conecta Ponte con Xazmíns.
Recanto	Nova apertura; na AR-3, conecta N-525 con Ronda Leste.
do Cabirtas	Nova apertura; situada nas AR-1 e 2 (antiga 59).
dos Arrieiros	Situada nas AR-1 e 2 (antiga 56).
do Medio	Nova apertura; situada nas AR-1 e 2, conecta as dúas

	anteriores de modo perpendicular.
Carragoso de Abaixo	Nova apertura situada na AR-7; prolóngase na antiga rúa 24 ata entronque con Avda. de Cruces (paralela a Avda. de Cruces).
Trobador Martín Códax	Nova apertura na AR-7; conecta Carragoso de Abaixo con Avda. De Cruces.
Trobador Xan de Requeixo	Nova apertura na AR-7; conecta Carragoso de Abaixo con Avda. De Cruces.
Bispo Frai José	Nova apertura na AR-30; parte de Avda. da Estación en dirección ó cemiterio.
Padre Oro	Nova apertura na AR-30; conecta Avda. de Bos Aires coa Estación.
Otero Pedrayo	Rúa resultante da agregación da antiga rúa S e dunha de nova apertura na AR-29; conecta Avda. da Estación con Ramón Aller.
(*) Rosalía de Castro	Xa existente; prolóngase na AR-29 ata conectar con Otero Pedrayo.
(*) Fontesanguíña	Xa existente; prolóngase na AR-29 ata conectar con Otero Pedrayo.

(*) Nomes de rúas xa existentes que se prolongan nas áreas de nova apertura.

6.- MOCIÓNS DO P.P.-

6.1.- MOCIÓN DO P.P. SOLICITANDO Á DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA O CUMPRIMENTO EN TODA A COMUNIDADE AUTÓNOMA DOS HORARIOS DE APERTURA E DE PECHER DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS.-

Sendo as 11,00 horas abandonou temporalmente a sesión D. Camilo González Bodaño quedando con doce edís o grupo de goberno e con dezaoito o número total de asistentes á sesión.

A Presidencia deu conta desta moción de data 16-04-2008 con entrada municipal do mesmo día e número 2097, que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 21 de abril de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros **D^a. Nuria Rodríguez Carral**, edil delegada de festas e ocio explicou a moción. Obedecía a unha reivindicación e ás queixas do sector que comunicaron ao Concello. Houbo unha xuntanza previa entre os representantes municipais e os do sector dos hostaleiros, na que estes lles expresaron a súa preocupación por estas diferenzas á hora de aplicar a normativa en materia de peche dos locais abertos ao público. Sostivo que en Lalín se controlaba “ao dedillo e a rajatabla” a aplicación dos horarios apertura

e peche de locais públicos, namentres noutras vilas galegas preto de Lalín estas normas non se cumprían.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** indicou que a moción estaba xa fora de lugar, tal e como o anticipou na sesión da Comisión Informativa. As afirmacións que se contiñan na moción eran moi graves, as verbas que indicaban que non se controlaba o cumprimento dos horarios dos locais, porque non estaban respaldadas con datos ou con probas. Entendía que non había ampliación dos horarios noutros lugares, como se dicía na moción, porque elo iría contra a lei. Pediu que se retirase a mesma porque as acusacións eran graves e sen a correspondentes probas. Tampouco era do todo certo que se cumpriran os horarios en Lalín, porque había multas pola policía local; si se cumpriran estas normas, non as habería; por último afirmou que tamén había locais públicos pechados no Carballiño e na Estrada. Votarían non.

Tamén desde o grupo nacionalista, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que as afirmacións non eran reais e consideraba que o que se afirmaba da “movida” de Lalín, non era exacto, porque as rúas non estaban repletas de mozos polas noites”. Sucedía o contrario do que se afirmaba. Era preocupante o texto da moción, acusando aos responsables de non cumprir as normas, algo que podía ser “prevaricar” en materia de horarios. Os temas da “movida e do botellón” eran temas a debate en toda a sociedade, non só en Lalín; o certo era que había e hai xente que ás cinco da mañá non colle o coche, senón que ás cinco da mañá comeza o botellón, e non vai a outros Concellos. Finalmente dixo que había que ter coidado coas mocións desta clase porque non aporta datos contrastados nos que se basee.

Na segunda rolda de intervencións **D^a. Nuría Rodríguez Carral**, indicou que non era certo o dito polos voceiros da oposición. En Lalín si había un rigoroso control por parte da Policía Local do horario de peche dos locais. Os axentes deste corpo policial pasan varias veces polos locais que incumpren, falan cos donos e finalmente, no caso de non obedecer a orde, desaloxan o local.

Como proba de que nas vilas próximas a Lalín non se cumprían as normas de peche de locais, fixo alusión ao anuncio escoitado nunha radio comarcal dunha festa nunha discoteca “Festa Caribeña” que empezaba ás cinco da mañá. Diante desta situación, coidaba que había que solicitar á Delegación do Goberno en Galicia que cumpra e aplique o horario de peche a todos os locais e establecemento abertos ao público na mesma hora.

De novo **D. Manuel María González Aller** cuestionou a existencia deses controis municipais da hora de peche dos locais, porque algúns empezaban a funcionar mesmo xa tarde. De todos os xeitos coidaba que estaban fora de lugar acusar aos responsables administrativos de non cumprir e de non aplicar as normas de peche noutros concellos. Había locais que abrían ás seis da mañá e a Festa Caribeña á que aludía a edil delegada, podía mesmo ser

celebrada con froita tropical, por exemplo e non supuña expresamente un incumprimento dos horarios establecidos.

O Sr. Alcalde-Presidente, *D. Xosé Crespo Iglesias* interveu para indicar que el tampouco o cría; sen embargo un domingo pasado á noite, quixo comprobalo e visitou varias poboacións cercanas. Das dúas visitadas: unha tiña abertos todos os locais e outra menos, pero tampouco contaba cos locais pechados. Pediu ós edís da oposición que comprobasen este feito, coma el fixo, porque era certo o que se afirmaba na moción.

Finalmente *D. Manuel María González Aller* indicou que, si había multas, era debido a que os locais non pechaban á súa hora. Recentemente leu na prensa que dous locais do Carballiño e tres da Estrada foron pechados polas autoridades. Coidaba que estes casos eran unha boa mostra de que a lei se cumpría en todos os lados.

Sometida a moción a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: quince (15), dos que doce (12) foron do P.P. e tres (3) do BNG.

Votos en contra: tres (3) do PSdeG-PSOE.

Abstencións: unha (D. Camilo González Bodaño) por estar ausente e por imperativo do ROF.

En consecuencia por maioría **APROBOUSE** a moción, en base aos seguintes antecedentes:

O Concello de Lalín é un punto de referencia da “movida nocturna” para a mocidade de toda a comarca de Deza e doutros concellos dos arredores. Por este motivo, é habitual que durante as noites principalmente das fins de semana as rúas do casco urbano lalinense estean repletas de mozos, gozando das atencións dos nosos locais hostaleiros e das súas actividades de ocio.

A presenza deste importante número de persoas nestes establecementos supón uns importantes ingresos para a economía lalinense, non só polo que ingresan directamente estes locais de ocio, senón tamén para todas aquelas empresas relacionadas con estes negocios (tanto de subministro de materiais, como de acondicionamento de locais, limpeza, etc).

Sen embargo, esta “movida lalinense” está vivindo nos últimos tempos unha progresiva tendencia á baixa na presenza de clientes, motivada principalmente pola crise económica que estamos a padecer pero tamén pola competencia que xurdiu noutras localidades dos arredores.

Os propietarios destes establecementos de hostalería en Lalín engaden outro factor decisivo para que estas novas zonas existentes noutros concellos teñan máis atractivo para a mocidade: un suposto *dobte raseiro* por parte das forzas de orden público á hora de controlar o horario de peche dos establecementos, deixando que estes locais permanezan máis tempo abertos para goce dos clientes.

Mentres que en Lalín existe un control estrito no que atinxe ao horario de peche destes establecementos de ocio, noutros municipios dos arredores o tempo de apertura destes locais amplíase en varias horas, o que amosa un descontrol na aplicación da normativa vixente que prexudica claramente aos negocios existentes no noso concello.

Os propietarios destes establecementos de ocio de Lalín solicitaron aos responsables do Concello o seu apoio para denunciar esta situación de agravio e discriminación ante a Delegación do Goberno en Galicia, co obxectivo de que aplique a normativa vixente en igualdade de condicións en todos os concellos da Comunidade galega.

Esta situación de desigualdade no control do cumprimento na apertura e no peche dos establecementos provoca que a mocidade opte por realizar desprazamentos cara estes municipios con maior horario de apertura dos locais de ocio, o que supón un incremento da circulación nas nosas estradas e agravante para que se incremente a siniestrabilidade.

Xa que logo, o Pleno da Corporación Municipal adoptou o seguinte ACORDO

Solicitar á Delegación do Goberno en Galicia, e conseguintemente tamén á Subdelegación do Goberno en Pontevedra e á Capitanía da Garda Civil en A Coruña, a adopción de medidas uniformes para toda a Comunidade galega no que respecta aos horarios de peche dos establecementos hostaleiros.

6.2.- MOCIÓN DO P.P. RELATIVA Á SOLICITUDE DUNHA LUDOTECA MUNICIPAL.-

A Presidencia deu conta desta moción do P.P. de data 14-04-2008, nº de rexistro 1976 e entrada municipal do mesmo día. Conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Mocidade e Deportes do día 21 de abril de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros *D. Xosé Crespo Iglesias* indicou que se retiraba a moción, porque coidaba que podía ser mellorable, a traveso dun convenio coa Xunta de Galicia, aínda que o Concello poña o persoal, había falado coa Consellería e podían ir por aí os tiros.

En consecuencia retirouse a moción indicada.

6.3.- MOCIÓN DO P.P. PARA SOLICITAR A DECLARACIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL.-

A Presidencia deu conta desta moción do P.P. de data 17-4-2008, entrada do mesmo día e nº de rexistro 2135. De seguido o Sr. Secretario leu favorable o ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local e Novas Tecnoloxías do día 21 de abril de 2008.

Sendo as 11, 34 horas abandonou a Presidencia D. Xosé Crespo Iglesias quedando como Presidente en funcións D. Camilo González Bodaño, quen acaba de incorporarse, e con doce o número de membros do P.P. e dezoito o total de asistentes.

Brevemente o voceiro do grupo *D. Román Rodríguez González* explicou a moción.

Tamén o voceiro socialista *D. Manuel María González Aller* dixo que o seu grupo votaría afirmativamente a moción, tendo en conta que era unha festa popular.

Tamén polo grupo nacionalista *D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude* dixo que si, pero a Festa do Cocido de Lalín, non ao cocido coa Curia Romana.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de manalzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a moción cun total de dezaseis votos favorables (16), dos que once (11) foron do PP, tres (3) do PSdG-PSOE e dous (2) do BNG.

Faise constar que por imperativo do ROF houbo dúas abstencións (2): a de D. Francisco Xavier Vilariño Taboada e a D. José Antonio González González por estar ausentes no momento da votación.

En consecuencia aprobouse por maioría a **MOCIÓN** en base aos seguintes antecedentes:

A Feira do Cocido de Lalín cumpriu este ano o seu 40 aniversario. O que naceu no ano 1969 como unha iniciativa dirixida á promoción e difusión do prato máis tradicional e senlleiro da cociña non só no municipio lalinense senón en toda a comarca de Deza, converteuse na actualidade nunha referencia imprescindible no calendario gastronómico galego. Esta feira declarouse Festa de Galicia de Interese Turístico no ano 1999.

O domingo anterior ao domingo de Entroido foi a data elixida para a celebración do día grande desta Feira do Cocido. Co paso do tempo, arredor desta convocatoria, sumáronse a esta data numerosas iniciativas para a promoción de Lalín e da súa gastronomía. En concreto, pódese citar o *Mes do Cocido*, a celebración da matanza tradicional do porco, a entrega do Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico *Álvaro Cunqueiro*, os coñecidos Premios de Gastronomía de Galicia que teñen lugar coa celebración e retransmisión en directo por Televisión de Galicia dos mesmos, tamén outros actos culturais e participativos como o Divercocido e as competicións deportivas como foron o Ralli do Cocido ou o Enduro do Cocido

No marco destas actividades organizadas arredor da Feira do Cocido, debemos salientar a Encomenda do Cocido de Lalín, unha sociedade gastronómica sen ánimo de lucro creada no ano 2000 co obxectivo de fomentar o goce e recoñecemento deste prato tradicional. Ao longo destes anos, sumáronse a esta entidade persoeiros como o político Mariano Rajoy, o diseñador de roupa Florentino Cacheda, o futbolista Amancio Amaro, o político Francisco Vázquez, Santiago Rey Fernández-Latorre, o cantante Julio Iglesias, o xornalista Fernando Ónega, o político Manuel Fraga e o ex Presidente do Principat d'Ándorra Marc Forné.

Tamén cabe destacar que ao longo destes 40 anos, persoeiros de todo tipo actuaron como pregoeiros da Feira. O primeiro deles foi o escritor galego Álvaro Cunqueiro o que seguiron outros e máis recentemente outras persoas da vida pública como o locutor de radio Luis del Olmo, o xuíz Baltasar Garzón, o humorista Moncho Borrajo, a presentadora de magazines de televisión María Teresa Campos, o dúo humorístico *Cruz y Raya*, o actual Alcalde de Madrid Alberto Ruíz Gallardón ou o restaurador televisivo Karlos Arguiñano.

Asemade o cartel da Feira do Cocido de Lalín converteuse co paso do tempo nunha referencia ineludible de cada evento, grazas ao traballo feito por artistas galegos que plasmaron nestas obras de artes a súa visión sobre esta festa. O último traballo correspondeu ao pintor lalinense Antón Lamazares, que sucedeu a outros creadores que tamén deixaron a súa pegada na Feira a través do cartel como Laxeiro, Alfonso Sucasas, Armindo Salgueiro, Guillermo Aymerich, Paío, Nicolás González Aller, Álvaro Negro, Gloria Alonso, Manuel Rodríguez Moldes, Quintana Martelo, García Patiño, Santiago Valdés, Alicia Alonso, Fortes, Virxilio Fernández, Ajeitos ou Paco Lareo.

A transcendencia que foi collendo esta Feira traducíuse na celebración fóra das fronteiras galegas de eventos gastronómicos que teñen como gran protagonista o cocido de Lalín. Neste sentido, cómpre destacar a recente celebración dun cocido para a Curia Vaticana en Roma ou os anteriores levados a cabo en Venezuela, Arxentina, Alemaña ou Andorra, sen esquecer os coñecidos como “Cocidos do Camiño”, a través do que xa se realizaron os actos de irmanamento co Cocido Maragato de Astorga (León) ou co Cocido Lebaniego de Potes (Cantabria).

O Concello de Lalín considera que a Feira do Cocido e todos o que se sumou ó longo destes anos a este evento multitudinario, converteuse nun referente do turismo gastronómico non só a nivel provincial, senón tamén a nivel galego e a nivel nacional.

En consecuencia o Concello Pleno **ACORDOU:**

Solicitar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a declaración da Feira do Cocido de Lalín como Festa de Interese Turístico Nacional.

7.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE.-

7.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A ADOPCIÓN DE DETERMINADAS MEDIDAS EN MATERIA DE TRÁFICO.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 16-4-2008, con entrada municipal do mesmo día e con número de rexistro 2905. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 21 de abril de 2008.

Na defensa da moción, a edil do grupo socialista **D^a. Marta Lázara Fontao** afirmou que había conducións temerarias polo pobo e sobre todo as fins de semana, na rúa Ramón María Aller, no Regueiriño, na Avenida Madrid, hoxe Avenida Xosé Cuíña, nalgún momento tamén na rúa B e noutras. Pediu que se tomara coñecemento real do problema e que se tome en serio isto. O seu grupo presentou un rogo e unha moción e contestacións con cousas como esta: “non hai rallys, pero si “imprudencias puntuais”, precisou. Pero pasou o que pasou na rúa B cun accidente de tráfico. Agora aínda estamos a tempo de evitar traxedias. O que se pedía na moción non era algo desorbitado, senón que era cuestión de ter vontade de colaborar nese tema.

Era inxusto o que se dixo na prensa que coas denuncias incentivábase estas carreiras. Podía afirmar que ás once horas, de noite, no Regueiriño e na agora Avenida Xosé Cuiña, había competicións de vehículos, de dous en concreto. A policía local pola súa proximidade puido escoitar os rúidos. Leu as tres peticións que se contiñan na moción. Todo isto xa debía estar contemplado no Plan de Tráfico; había que realizar controis de tráfico, o mesmo que se facía na zona azul cos aparcamentos indebidos, e co mesmo control e a mesma contundencia debía actuarse nestes casos, especialmente nas noites e nos fins de semana. Debían realizarse controis de alcohol aos condutores e traballar neste eido; tamén quería-se coa moción concienciar aos posibles condutores e que se leven a cabo máis campañas educativas das que se facían, porque se ben os rapaces aplicaban a normas de tráfico “a rajatabla”, a partir dos quince anos ou dos dezaseis, ben por estar en pandillas, ben por piques entre “valentes” ou ben por outros motivos, cambiaban e algúns realizaban carreiras e había competicións que podían conducir a desgrazas persoais e ocasionar accidentes; en canto ao punto terceiro pedíase colocar pasos sobreelevados (non sabía o nome exacto) nas rúas García Sánchez e Ramón Aller.

Neste intre incorporouse D^a Guadalupe Nóvoa Carballude e D. José Antonio González González, sendo as 11, 43 horas, e quedando a corporación con 12 concelleiros do P.P, 3 do PSdeG-PSOE e 3 do BNG e o número total de asistentes á sesión en 18.

Desde o grupo nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que eles tamén trouxeron unha moción nunha ocasión sobre este tema. Coidaba que si había carreiras, porque a xente collía atallos, había que protexer este tema, sobre todo no casco urbano. Non se pode negar a evidencia, e negar as condutas dos demais. Coidando se pasa algo con esta clase de afirmacións de que coas denuncias se incentivaban estas condutas, porque podía suceder que no caso de pasar algunha desgraza, eles tamén podían dicir que a responsable era dita concelleira e esixirla. Polo tanto a postura do BNG estaba clara, eles estaban lonxe e en contra destas actuacións de “macarras e indesexables” que campan a súas anchas. Preguntou: *¿fan controis de velocidade a Policía Local?*

Resposta **D^a. Nuria Rodríguez Carral** en sentido negativo, indicando que catro ou cinco días antes solicitouse un radar á Dirección Xeral de Tráfico.

De novo, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** resaltou que nunca se fixeron estes controis de radar da velocidade pola Policía Local de Lalín que é a realidade. A situación era preocupante. Hoxe lonxe de regular e de controlar isto, non se facía nada. Era fundamental que a Policía Local cumpra os fins esenciais e que o goberno local dea as instrucións oportunas neste senso.

D^a. Nuria Rodríguez Carral indicou que lamentara que o grupo socialista traballara pouco, porque esta moción segundo ela era unha copia doutra moción presentada hai cinco meses, e lamentaba tamén que se empreguen mocións e noticias á prensa, cando estaban as denuncias diante da Policía Local e da Garda Civil para recollelas; pero ningunha neste eido. As

persoas que facían esta clase de condución eran vándalos. No lugar das queixas non había ningunha denuncia presentada. Coidaba que non era unha práctica habitual, podía ser un caso puntual. En canto ao tema da desgraza na rúa B, afirmou que non se debeu a un carreira de velocidade entre dous vehículos, senón á condución dun vehículo por unha persoa “borracha”, e non era certo que a Policía Local fixera a vista gorda. “Hai seis sancións tramitadas neste ano por condución temeraria “, afirmou.

Fixo o comentario *D. Fco. Xavier Vilariño Taboada* de que antes de presentar a moción casualmente D. Jesús López Cuñarro, Sarxento da Policía Local, mantivo unha reunión cos responsables de tráfico co fin de instalar radares e de realizar desde o Concello de Lalín controis de tráfico.

Seguiu falando *D^a. Nuria Rodríguez Carral*. Sobre os chamados “lomos de burro” rexeitouse esta opción cando se rexeitou a petición para colocalos na rúa Areal. Afirmou que había algunha previsión no plan de tráfico que se estaba a elaborar. En canto ao tema da concienciación reafirmou o xa dito: que es estaban levando a cabo “campañas de educación vial” desde o Concello, en concreto xa levaban realizadas desde o ano 2007 varias campañas nas que participaron preto de mil cincocentos alumnos. Á vista disto coidaba que era unha auténtica “coña” e “un insulto” o que se dicía na moción.

Por alusións *D^a. Marta Lázara Fontao* indicoulle a dita edil que leu mal o acordo da moción, porque no punto segundo indicábase que “se levan a cabo máis campañas de concienciación, matizando os efectos e verbas de dita edil. A moción recoñecía que se levaron a cabo campañas, pero considerábaas insuficientes e por iso reclamaban que se leven a cabo máis campañas.

D^a. Nuria Rodríguez Carral indicou que na charla que houbo nese colexio estivo presente o Director do centro educativo da que a edil anterior formaba parte.

D^a. Marta Lázara Fontao indicou que había tres puntos máis da moción, algúns incidían nas rúas de propiedade municipal; outros, non. Matizou que a moción non era copia dun rogo nacionalista. Esta moción redactouna ela persoalmente sen saber nada dese rogo nacionalista; engadiu que xa dende o ano 2003 o seu grupo presentou unha moción sobre este tema. O importante era traballar no que afecte á xente e dar solucións. Non era nin é un bo exemplo para o pobo a Alcaldía, polas súas manifestacións nos medios de comunicación sobre o control de tráfico nesta zona, reiterando este feito de que había controis excesivos da G.Civil de tráfico. Doutra banda entendía que había desde o goberno municipal unha propaganda excesiva do tema do tuning de vehículos, que coidaba que non era nin é un deporte, con demostracións públicas. Indicou que co gallo dalgún acto de tuning no Instituto Ramón Aller queimaron rodas:

¿isto é educativo? preguntou. Pediu que non se dera tanta axuda para esta clase de actos, que se valoren as necesidades tanto disto coma doutras condutas, e que se fomenten mais as actuacións que se pedían na moción para evitar desgrazas persoais e non ter que lamentar logo, reducindo a axuda ao tuning e evitando as declaracións do Sr. Alcalde.

Desde o grupo nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** reiterou o xa dito no sentido de que non hai controis de velocidade, aínda que houbo unha reunión hai quince días de tres ou catro persoas. O custe deste servizo era importante. Precisou que o afán recadatorio das multas no casco urbano non era o obxecto deste debate.

Criticou o que dixo a edil delegada do grupo de goberno de que a oposición coas súas declaracións na prensa estaban a fomentar este tipo de carreiras e de condutas. Non as compartía, e ademais coidaba que as denuncias en prensa facían que estes condutores non se sintan impunes como delincentes; de non habelas, si que parecían impunes.

Pensaba que ás veces a Policía Local facía a “vista gorda”; por isto salientou que conviña ter coidado con esas aseveracións da edil responsable sobre o control rigoroso que se facía pro parte deste corpo, porque podía equivocarse.

Coidaba que nos actos de promoción do tuning, do motor en xeral e nos rallys, as persoas encargadas da organización eran as primeiras interesadas en que non se queimen rodas, nin se causen danos, nin que haxa carreiras. Estas accións non as queren nin as practican as xentes aficionadas aos rally e ás carreiras de coches.

D^a. Nuria Rodríguez Carral, dirixíndose ao BNG, preguntouse se só era deporte o poñerse a correr detrás do balón (fútbol); coidaba que tamén había deportes do motor ao BNG.

En cuanto ao tema en debate da conveniencia ou non de denunciar estas carreiras e coches na prensa, afirmou que esas persoas á saír en prensa se fomenta; de non ser así, dixo, *¿por qué colgaban os seus vídeos en páxinas de Youtube?*. Era por isto, porque eran famosos. En consecuencia reiterou que as noticias en prensa fomentaban estas condutas.

D^a. Marta Lázara Fontao dixo que había deportes do motor, que podían practicarse, pero en lugares axeitados e con coñecemento e información suficiente por parte dos que os practicaban; reiterou por último que respectaba a todos, pero coidaba que o tuning non era un deporte.

Finalmente **D^a. Nuria Rodríguez Carral** a miña opinión e a túa non contan neste.

Rematou **D^a. Marta Lázara Fontao** dixo que se facía e o que se podía.

Na moción pedíase que se aumente a vixilancia e se fagan máis controis preventivos de tráfico, especialmente nas zonas afectadas nas noites das fins de semana, por parte da Policía Municipal, que se leven a cabo máis campañas de concienciación nos centros educativos de EI,EP, ESO, CF e BAC, en colaboración coas ANPAS, coas Asociacións Xuvenís e todas as ademais que queiran colaborar, incidindo na importancia do respecto ás normas establecidos e nos efectos correlativos do seu incumprimento, e finalmente que se coloquen pasos de cebra sobreelevados nas rúas de propiedade municipal, de uso maioritario residencial, contribuíndo así á limitación da velocidade das mesmas.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos que tres (3) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: doce (12) do PP.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia por maioría **REXEITOUSE** a moción.

7.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO DETERMINADAS MEDIDAS SOBRE AS NOVAS TECNOLOXÍAS.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 17-4-2008, con entrada do mesmo día e número de rexistro 2122. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local e Novas Tecnoloxías do día 21 de abril de 2008.

Na rolda de voceiros **D. Manuel María González Aller** voceiro do grupo socialista defendeu a moción. Tratábase con ela de conseguir non perder o tren neste eido, así como un trato para o rural igual que o que xa disfrutaba o urbano, evitando así discriminacións. Lalín era un concello grande en extensión e complicado para prestar servizos, e había que salvar as distancias. Non obstante había que dar os primeiros pasos. O seu grupo coa moción fixo unha aposta: que os cidadáns poidan contar con servizos ADSL e con acceso ás novas tecnoloxías. O que se pedía era dar os primeiros pasos era, algo que non custaba moito, e así deixar algo xa feito e preparado para pedir novas axudas no futuro.

Leu a parte dispositiva da moción: en primeiro lugar quería conectarse os cidadáns porque hoxe non hai nada que impida ter espazos públicos; en segundo lugar buscábase que os locais sociais teñan cobertura ás distintas redes: Leu de seguido as parroquias que segundo el contaban con locais servizos e outros que non os tiñan, dotando estes locais con Pc e ordenadores; a terceira referíase a alfabetización dixital que podían levarse a cabo nos locais sociais e en Lalín.

Tamén o que se pedía na moción representaba tamén un esforzo grande para os propios funcionarios municipais de incorporarse á era dixital, para coñecer o funcionamento destas novas tecnoloxías e empregalas no seu traballo no Concello, por exemplo colgando na rede de internet os datos dalgúns expedientes e de traballar con elas. Rematou afirmando que coa moción se pretendían dar os primeiros pasos.

Desde o grupo nacionalista **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** adiantou que o seu grupo había encargado a elaboración dun informe a unha empresa privada sobre o acceso e o funcionamento das novas tecnoloxías para o Concello e esperarían a ver os resultados. Estaban dacordo en que xa era hora de que o rural coñecera estas novas formas de acceso á comunicación, con conexión a Unix e Wimax. Coidaba que cunha instalación base que tivera radio de acción aos 30 quilómetros, todas as parroquias quedarían cubertas. Podía ser esta a solución ideal, á espera de dito estudo pedido a unha empresa privada.

Desde o grupo de goberno o edil delegado de novas tecnoloxías **D. Nicolás Varela García** dixo que a moción estaba ben, pero chegaba tarde; era tamén contraditoria, porque desde o Concello xa se estaba a intentar poñerse ao día neste tema, e coincidían co solicitado desde esta entidade.

Na Comisión Informativa afirmouse que dúas infraestruturas xa estaban solicitadas: a de “Wimax aos polígonos de Botos e o de Lalín 2000, e tamén estíbese a conseguir que chegase a liña ADSL ao rural. Para a primeira o Concello cedería 23 m2 en cada polígono e a Xunta de Galicia instalaría o resto. Tamén había un Aula Informática organizada coa Xunta de Galicia e algunha outra iniciativa máis. O M^o de Industria, Comercio e Turismo contaba cun plan trienal de modernizacións das redes informáticas e había que cumprir a lei. Quería saber se ese anuncio do programa Avanza que di que Lalín conta con ese sistema, *¿é realmente efectivo?, ¿existe ou pode conectarse o Concello ou os particulares a ese sistema?*.

¿Ese Plan Avanza 2009 que conta con Wimax e ADSL é que ven por vía satélite?. ¿Onde está? A solicitude non se fixo á vista de todo isto.

Por último indicou que o Concello de Lalín estaba a instalar un programa de Geopistas por medio dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial que axudaría aos técnicos municipais no seu traballo diario.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** reiterou o xa dito, e preguntou. *¿Cantas peticións fixo o Concello de Lalín ao Plan Avanza?*

Dixo que a Xunta de Galicia estaba empeñada en seguir co desenvolvemento destas tecnoloxías. En concreto dixo que o rexistro telemático estaba previsto para o 9-4-2008 e a Xunta de Galicia xa o tiña instalado en data de 11-3-2008. Sobre o Plan Avanza insistiu en que non había nin hai nada feito dende o Concello, nin tramitada petición algunha. O sistema Wimax custaba instalalo e

montalo. Hoxe todas as administracións públicas tiñan xa banda ancha e poder ter acceso a Wifi.

Non se empezaba nada e dende logo non se fai nada desde o Concello, ó igual que sucedía co saneamento. Se temos informacións colgadas en Internet, os nosos veciños poderán entrar e realizar outros trámites, evitando así vir aquí. Hai cousas que non custan nada ao Concello, que se poden facer e que supoñen aos veciños beneficios dos que se poden disfrutar.

D^a Guadalupe Nóvoa Carballude insistiu na posición do seu grupo e dixo que a consellería do Medio Rural fixo unha demostración de utilizar e de empregar xa estas tecnoloxías.

Desde o Concello non se renunciaba a nada. Así manifestouno *D. Nicolás Varela García* e insistiu en que tal e como se dixo na Comisión Informativa resultaba complexo levar a banda ancha a todo o rural; se poden entrar en Internet vaian ao programa Avanza e vexan se é verdade o que se di ou non. Por último afirmou que se o que se oferta a todos os Concellos de España os grandes municipios non o teñen, menos o terán outros máis pequenos como o de Lalín.

Na moción pedíase dotar os espazos públicos municipais (auditorio, biblioteca, pavillón de deportes, etc.) de redes WIFI abertas ao exterior; a dotación de ADSL e WIFI nos locais sociais das parroquias que teñan esa cobertura (Zobra, Prado, Goiás...); dar os primeiros pasos en alfabetización dixital no rural: cursos de iniciación con asociacións de veciños, de mulleres, etc.; e finalmente, colgar a documentación electrónica no portal Lalin.org: actas plenarias, pregos de concurso, normativas municipais, instancias, etc.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos que tres foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.

Votos en contra: doce (12) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por maioría **REXEITOUSE** a moción.

7.3. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO DETERMINADAS ACTUACIÓNS A REALIZAR NA ESTRADA EP-6004.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 11-4-2008, con entrada do día dezasete e con número de rexistro 2119. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 21 de abril de 2008.

Dende o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** indicou que había un punto negro na baixada ao río Asneiro; había dúas curvas pechadas entre noventa e cento oitenta graos. Pediu quitálas ou polo menos modificalas para que queden menos pronunciadas e con elo reducir o perigo para o tráfico. Logo falou sobre o mantemento e a conservación da ponte, quitando as silvas das propiedades colindantes que impedían a visibilidade para o tráfico. Para elo a moción incidía en dirixirse á delegación e á Consellería correspondente.

Sendo as 12:34 horas abandona a sesión D^a. Guadalupe Novoa Carballude, quedando o BNG con 2 concelleiros e o número total de asistentes á sesión en 17.

Desde o grupo de goberno **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** indicou que en principio o lugar aludido na moción non estaba considerado como punto negro de tráfico, porque non houbo alí ningún accidente. Doutra banda os terreos cheos con silvas pertencían aos propietarios dos terreos e había que pedir-lles que o limparan voluntariamente ou se non, expropiar, pero pola Dirección Xeral Patrimonio da Consellería de Cultura, non por nós.

Desde o BNG **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** adiantou o voto favorable do seu grupo á moción.

Neste intre incorporouse á sesión D. Xosé Crespo Iglesias as 12, 39 horas, quedando con trece o grupo de goberno, tres o grupo socialista e tres o grupo nacionalista e en 18 o número total de asistentes á sesión.

Na moción pedíase que se solicite ao organismo titular da indicada estrada: a) a mellora do trazado da EP-6004 no entorno da Ponte, eliminando as dúas curvas perigosas situadas a ambas marxes do río Deza e aumentando a anchura da Ponte, e b) que se recupere a ponte vella e se limpe o seu entorno.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), dos que tres (3) foron do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

Votos en contra: trece (13) do P.P.

Abstencións: unha (1), de D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude, por estar ausente no momento da votación.

Xa que logo, por maioría **REXEITOUSE** a moción.

Ás 12:48 horas incorpórase á sesión D^a. Guadalupe Novoa Carballude quedando o BNG con 3 concelleiros e o número total de asistentes á sesión en 19.

7.4. MOCIÓN DO GRUPO PSdeG-PSOE PEDINDO CONTROIS MUNICIPAIS DOS RUIDOS.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 17-4-2008, con entrada do mesmo día e con número de rexistro 2125. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 21 de abril de 2008.

Brevemente polo grupo socialista *D^a. Beatriz García Iglesias* explicou a moción. Coidaba que había moitos ruídos e molestias que ocasionaban os vehículos e que había que controlar. Elo conseguiríase coa elaboración e coa aplicación dunha ordenanza municipal sobre o tema. Sabía que o goberno municipal estaba a traballar nelo e esperaba que non haxa problemas e vexa a luz pronto dita norma.

Pola formación nacionalista, *D^a Susana Rodríguez Cambón* amosouse favorable á iniciativa, desexando tamén que a ordenanza de medio ambiente, desde moito tempo en fase de elaboración, se remate de redactar pronto e entre en vigor.

Desde o grupo de goberno *D. Xosé Crespo Iglesias*, Alcalde-Presidente, indicou que se estaba a traballar nesa ordenanza; pero a decisión sobre os ruídos era unha decisión complexa que estaba tamén conecta con outros temas como eran os residuos sólidos que cumpría regular.

Tamén nesta dirección apuntaba *D. Román Rodríguez González* que era complexa. Entendía que non era viable que detrás de cada esquina houbera un policía local controlando o ruído. Había unha normativa vixente que había que aplicar: a autonómica. Polo tanto agora mesmo podía aplicarse a mesma e o problema tiña a mesma solución que na maioría dos Concellos. De todos os xeitos era mellor contar cunha ordenanza municipal.

Sobre a moción en si, afirmou que non tería problema en asumir a primeira parte da parte dispositiva da mesma, pero si estaba en desacordo coa parte segunda, xa que se estaba a elaborar desde o Concello unha ordenanza do medio ambiente e contiña necesariamente o tema da xestión dos residuos sólidos.

Tamén estíbese a traballar no seu departamento para coñecer se había zonas saturadas, por exemplo na rúa B e outras zonas de Lalín; por principio, neste eido había que ser prudentes e non crear problemas.

Non estaba pola labor de destacar ningunha parte da moción en concreto, pero pensaba que a segunda parte conlevaba tratar tamén o tema do lixo que levaba tempo e era complexo. O tema do ruído debía ser o aspecto da moción e referirse a unha ordenanza de ruídos simplemente non ao medio ambiente en xeral.

Finalmente **D^a. Susana Rodríguez Cambón** dixo que tamén se podía regular os residuos noutra ordenanza e non vía o problema nin o argumento que utilizaba o grupo de goberno para rexeitar a moción.

De novo, **D. Román Rodríguez González** asentiu no sentido de que por exemplo na rúa B o tratamento que se dea debía ser distinto ao doutros lugares de Lalín.

Na moción pedíase a realización dunha campaña de control de ruídos prestando a necesaria importancia ós vehículos de dúas rodas e a elaboración dunha ordenanza municipal reguladora de Medio Ambiente que contemple a protección da emisión e a recepción de ruídos e vibracións perturbadoras.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos que tres (3) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por maioría **REXEITOUSE** a moción.

8.- MOCIÓN DO BNG.-

8.1.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS DE MANTEMENTO E DE CONSERVACIÓN NO PASEO DO RIO PONTIÑAS.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 16-4-2008, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 2.098. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 21 de abril de 2008.

Ás 12:51 horas abandonou a sesión D. José Antonio González González, quedando o grupo de goberno con 12 concelleiros e o número total de asistentes á sesión en 18.

Na rolda de voceiros, a edil do grupo proponente **D^a. Susana Rodríguez Cambón** lamentou en primeiro lugar que o Paseo do Pontiñas estea abandonado, que non se conserve como se debía. No seu traxecto hai moitos eidos nos que actuar, citando os parques infantís, as instalacións de deportes, as madeiras do paseo, os baños, as malezas..... Leu o que se pedía na moción.

Desde as filas socialistas estíbese a favor do que se pedía. **D^a. Beatriz García Iglesias** indicou que diante das condutas “dos vándalos” pouco había

que facer, salvo vixiar e procurar a educación dos rapaces desde pequenos. Reclamou máis vixilancia e máis partidas orzamentarias para o seu mantemento, aínda que resultara moi custoso.

Desde o grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias** cualificou a moción do grupo nacionalista como inxusta. Se alguén estaba a realizar esforzos e gastos no mantemento dos cinco quilómetros do paseo do río Pontiñas era o Concello de Lalín. Esta instalación era emblemática para Lalín e representaba moito para os nosos veciños. O entorno e o seu mantemento non era perfecto, o recoñecía, pero se facía todo o que se podía. A obra debíase a **D. Xosé Cuiña Crespo**, como todos sabíamos.

A parte norte ten un tratamento coma os xardíns urbanos, con corta de céspede e con outros traballos propios das zonas urbanas. Na parte de abaixo do río Pontiñas hai un equipo que cando acaba de dar un repaso a todo este tramo, ten que escomenzar de novo na zona de enriba e limpar outra vez. Así é o traballo. En canto ao deterioro volveu insistir en que se facía todo o que se podía, unha e outra vez.

Rexeitarían a moción e consideraba que algunhas partes da mesma non tiñan moita razón de ser, citando que por exemplo non vía viable plantar árbores plataneras no dito paseo.

Matizou **D^a. Beatriz García Iglesias** que as árbores plataneras se colocarían nos parques infantís e non no propio paseo do río.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** reiterou o que estaba a dicir: que se repoñían tres ou catro veces ás árbores ao ano e o mobiliario urbano se mantiña como se podía; que os aseos aos dous días de colocalos, foron destruídos; que o vandalismo era difícil de controlar; que nos baños pensaron mesmo en colocar cámaras no interior, pero desistiron delo en aras de protexer a intimidade das persoas que os utilizaban e que os baños eran as partes que menos duraban íntegros, unha semana aproximadamente. Facíanse pois arranxos, podíanse pechar ao público e mesmo impoñer taxas polo seu uso.

O único en que coincidía que había que repoñer era a zahorra do paseo. O resto coidaba que estaba bastante ben conservado e así seguirían.

Sentía rabia ao observar os destrozos que se causaban e ver que non podía evitalos. O único problema que lle superaba era este, o dos baños que tiñan certa utilidade.

Por último indicou que seguirían así, e cando algo se desgaste, como cando chove moito, traballaríase e manteríanse as instalacións.

Que se acometa a limpeza do paseo do río Pontiñas en todo o seu percorrido, desbrozando a maleza, despexando o camiño peonil e o de ciclista e que se repoñan todos os elementos estropeados desde o de uso infantil ata os dos baños hixiénicos.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos que tres (3) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: doce (12) do P.P.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, por maioría **REXEITOUSE** a moción.

8.2.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á SOLICITUDE DUNHA AXENCIA TRIBUTARIA PARA LALÍN.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 14-4-2008, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 1.988. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 21 de abril de 2008.

Sendo as 13,02 horas abandonou temporalmente a sesión o Sr. Alcalde D. Xosé Crespo Iglesias quedando con 11 concelleiros o P.P. tres o grupo socialista e tres o grupo nacionalista e o número total de asistentes á sesión en 17.

Defendendo esta moción, desde a formación nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que se trataba dunha vella reivindicación do seu grupo e do Concello tamén. Explicou que os nosos veciños teñen que acudir con maior frecuencia á administración de A Estrada para obter informes, certificacións ou para realizar outros trámites. Isto ocasionáballes molestias e tamén maiores custes, tanto para os particulares coma para as empresas pola perda de tempo que supón desprazarse a mais de corenta quilómetros. Coidaba que Lalín tiña que contar cos servizos administrativos propios dunha cabeceira de comarca, tal e como os disfrutaban en A Estrada, Pontearreas ou Vilagarcía de Arousa.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** adiantou que o seu grupo antes estaba a favor do que se pedía e agora seguía igual. Votarían a favor.

Engadiu que antes desde punto, noutra moción tratada na presente sesión, pediron que se puideran solicitar e realizar trámites administrativos polos veciños por vía telemática, o que implicaba tamén as actuacións que se realizan coa AEAT, que cada vez van en aumento.

De todos os xeitos coidaba que existen poucas posibilidades de obter esta administración para Lalín, pero o que si había que conseguir era que todos os certificados se fagan non polos particulares, senón que sexa o propio Concello. Finalmente preguntou ao Sr. Secretario se houbo resposta ao acordo municipal aprobando a moción socialista no ano 2003 nesta materia, e indicou que o seu grupo quería coñecer e saber o estado dos acordos, das mocións aprobadas e, no

caso de habelas, as respostas que houbo das distintas administracións neste sentido.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** desde o grupo popular tamén anticipou o voto favorable do seu grupo a esta iniciativa, xa acordada noutra sesión plenaria, e amosou a disposición do Concello de Lalín a colaborar en todo o que estea na súa man para conseguir esta administración, mesmo poñendo un terreo a súa disposición, se elo fora necesario.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada a moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, en total dezasete (17) concelleiros, dos que tres foron do PSdeG-PSOE, tres do BNG e once do P.P., e aprobouse a mesma, que é do seguinte tenor:

Tendo en conta que a Axencia Tributaria é o organismo público encargado da xestión do sistema tributario estatal, así como dos recursos doutras administracións cuxa xestións se lle encomende.

Considerando que o Concello de Lalín é cabeceira dunha ampla Comarca natural cun potencial desenvolvemento económico importante. Dada a ubicación actual da administración de Facenda, os cidadáns contribuíntes e as empresas de distintos sectores (industrias, comercio, explotacións agrarias, etc) véñense na ineludible necesidade de realizar xestións ao longo de todo o ano derivadas das súas actividades perante a Axencia Tributaria.

No Concello coidamos que é preciso esixir á Axencia Tributaria un firme compromiso co conxunto da nosa cidadanía para facilitarlle o cumprimento voluntario das súas obrigas fiscais, e canalizar así o esforzo de todos para conseguir acadar un maior progreso e benestar social. Neste senso é preciso evitar o constante transtorno que para a nosa cidadanía representa ter que desprazarse fora da nosa comarca para facer xestións relacionadas co actual sistema fiscal e tributario como por exemplo poden ser as declaracións da renda (IRPF), as do IVE, as dos impostos especiais, as da renda de sociedades, etc.

É de xustiza que Lalín, ao igual que outras vilas da nosa provincia que contan cunha Administración da Axencia Tributaria, como son A Estrada, Pontearreas, Tui e Vilagarcía ou con Delegacións como en Vigo e Pontevedra, conte tamén cunha administración territorial, impedindo así que a nosa comarca e os nosos veciños e empresas estean nunha situación de desigualdade e de inferioridade de condicións con respecto das anteriormente enumeradas.

Con base nos antecedentes expostos o **PLENO DA CORPORACIÓN ACORDOU:**

Solicitar ao Ministerio de Economía e Facenda que dote ao Concello de Lalín dunha Administración da Axencia Estatal da Administración Tributaria (A.E.A.T) con ámbito territorial que abrangue os concellos de Silleda, Lalín, Dozón, Agolada Vila de Cruces e Rodeiro.

8.3.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á CONSTITUCION DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 14-4-2008, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 1.987. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Formación Social e Cultura do día 21 de abril de 2008.

Na rolda de voceiros, a nacionalista *D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude* explicou que a moción era xa un vello tema e unha reivindicación do seu grupo para constituir este Consello Escolar en Lalín. As outras veces que se debateu esta moción, rexeitouse a mesma; e afirmou que seguirían presentándoa no caso de ser tamén rexeitada esta nesta sesión.

Non entendía as razóns para non aprobala agora, porque era algo que non custaba cartos, senón que era unha cuestión de mera vontade, de que as persoas interesadas queiran constituílo, colaborando así co resto das Administracións, para prestar as distintas funcións e cometidos que a normativa reservaba a este órgano.

Desde o grupo socialista *D^a. Marta Lázara Fontao* indicou que votarían a favor. Eles sempre apoiaron esta petición, e a contestación que recibiron era que era pouco axeitada, que non servía para nada e outras respostas parecidas. Coidaba que sendo unha das máximas que Lalín estivera en primeira liña, sería prioritaria esta petición, se houbera vontade de constituir isto. De todos os xeitos quixo destacar que a composición deste órgano non supuña que o grupo de goberno perdera a maioría do mesmo, porque contaría co presidente, con sete profesores, con catro representantes dos pais, con tres dos alumnos e cun representante do Concello. Eles estaban desexosos de que se constituía e comece a traballar para que este eido da educación conte cunha maior ordenación e funcione doutro xeito. En todo caso, a posición do grupo de goberno diante desta moción era unha proba da falta de sensibilidade hacia o eido educativo.

Desde o grupo gobernante *D. Román Rodríguez González* indicou que era certo que a moción xa fora presentada hai tempo, pero coidaba que daquela ata hoxe houbo cambios xurídicos e hoxe non ten sentido constituir este órgano, vai contra lei, e non servía para moito, senón mais ben para enredar. “O problema é quen paga a prestación destes servizos porque a Xunta de Galicia non paga nin o gasoil”, afirmou.

Foi neste sentido interrompido por varios membros da oposición para amosar que xa a Xunta de Galicia abona o custe de gasoil dos centros docentes (calefacción).

De novo **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** reiterou a petición de constituir este organismo, facendo ver que o calendario do mesmo sería facilísimo de cumprir. Salientou que as asociación de pais non ten financiamento, ó contrario do que sucedía con outras asociacións que si contaban con axudas.

Constituír ou non este órgano depende da vontade do grupo de goberno e coidaba que isto era independentemente de que cambie a lei. Era un cauce de relación e de colaboración con outras administracións públicas interesadas neste eido, e seguirían co a mesma moción no futuro, no caso de ser rexeitada.

Tamén **D^a. Marta Lázara Fontao** descualificou os argumentos empregados polo voceiro popular, porque non servían para nada e menos para xustificar a negativa a formar este órgano do ámbito educativo.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** por alusións indicou que había que ver por qué noutros Concellos próximos como Santiago ou A Estrada non existían estes órganos. A resposta era porque non servían para nada e bastaba con preguntar e interesarse en calquera destes dous concellos por este tema, para coñecer os argumentos do grupo de goberno para opoñerse á moción.

Non se quedou satisfeita coa resposta anterior **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** e volveu preguntar por qué se rexeitaba a moción.

Na moción pedíase a constitución do Consello escolar Municipal de Lalín e a elaboración dun Regulamento no que se recolla a composición, a organización e as competencias para a súa posta en funcionamento e operatividade.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos que tres (3) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: once (11) do P.P.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia por maioría **REXEITOUSE** a moción.

De seguido o Sr. Presidente preguntou se había algunha moción por vía de urxencia para se presentar a esta sesión. Presentouse a seguinte:

9.- MOCIÓN POR URXENCIA.-

9.1.- MOCIÓN POR CARÁCTER DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO DO P.P. DEMANDANDO Á DERROGACIÓN DO DECRETO DAS NORMAS DO HÁBITAT.-

O voceiro popular *D. Román Rodríguez González* indicou que a moción xa a tiñan todos os grupos e que a urxencia viña xustificada pola entrada en vigor do decreto 262/2007, de 20 de decembro polo que se aproban as normas do hábitat galego e polos prexuízos que ía causar esta normas aos concellos galegos e ao sector da construción.

Sometida a votación ordinaria a ratificación da urxencia da moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) do PP.

Votos en contra: seis (6) dos que tres (3) foron do PP e 3 do PSdeG-PSOE.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia por maioría absoluta dos asistentes, once (11) votos **RATIFICOUSE A URXENCIA** e pasouse ao debate do asunto en cuestión.

No debate da moción *D. Román Rodríguez González*, edil delegado da área de urbanismo, indicou que era unha moción que recibira do partido, estaba o decreto aprobado pola Xunta de Galicia ben intencionado porque melloraba a calidade e vida, pero se pasaba de vista. Había que rexeitalo. Por exemplo declaráronse en contra da *norma D. Emilio Pérez Touriño*, Presidente da Xunta de Galicia, *D. Ricardo Varela*, Conselleiro de Traballo e en contra o P.P. os Alcaldes dos Concellos, a Fegamp e tamén Alcaldes do PSdeG-PSOE como o Sr. Sánchez Bugallo, Alcalde de Santiago. Era demoledora a postura do Sr. Bugallo, a dos os empresarios e a do colexio de arquitectos. Podía aportar ata corenta paxinas sobre isto.

Salientou que o BNG argumentaba que os que criticaban a norma estaban a favor dos contratistas e que coa norma pretendíase construír vivendas e deixar de facer “*cuchitriles*”, engadiu. Esta norma era máis intervencionista do que había ata agora, e o que faría sería incidir no prezo de venda, coa conseguinte suba do prezo das vivendas. Non entraba na xestión do solo, pero si para afirmar que estaba fora de tempo, e sería bo cos anos. Proba de isto era que a Consellería indicou que habería flexibilidade na súa aplicación.

Era absurda noutros eidos, por exemplo as ventás miran o sol, as fachadas a construír prohiben os vós, e quedarían sen eles, “por poñer como exemplo as actuais vivendas de Geslander construídas en Lalín”, afirmou. En canto á fachada do colexio informes técnicos contraditorios co PXOM, se os nosos técnicos informan favorablemente conforme o PXOM, que vai a pasar, quen vai informar aplicando este Decreto. Invade as competencias dos concellos na elaboración dos planos xerais. No casco histórico prohibe os ascensores, era esaxerada a nova superficie dalgunhas dependencias e tamén representaba un problema o novo tamaño dos ocos e das escaleiras, aumentan a superficies dos baños, cociñas.

En resume a norma aprobada creaba novos problemas porque alteraba a superficie dos habitáculos e porque xurdían problemas na súa aplicación e porque non ten en conta aos sectores implicados. Coa moción presentada pídese que se responda á realidade e que se busque o diálogo e o consenso a través da Fegamp, algo que non se fixo ata o de agora.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou o seu voto negativo a moción, xa que coidaba que esta discusión non ía cambiar a lei. En segundo lugar dixo que non era a Consellería de Política Territorial a quen había que pedir derrogar esta norma, senón a Consellería de Vivenda e do Solo que era a competente; en terceiro lugar trataríase de instar e de solicitar a derogación e solicitar á Xunta de Galicia outras normas na súa substitución. Afirmou que pola súa profesión visitaba moitas vivendas e coñecía que existían vivendas con escaleiras estreitas, con portas que impedían o paso de camillas para baixar ou para trasladar aos enfermos e aos discapacitados. Por isto, non lle parecía mal que se aumentaran as superficie de estas ou doutras habitacións, porque coa norma se solucionarían no futuro todos estes problemas. Coidaba pois que melloraría a calidade de vida dos veciños. A norma trataba con respecto ao medio ambiente nas vivendas a habitar, xeraría un aforro enerxético nas vivendas, no consumo de auga, por exemplo esixía que as ventás que estean mirando ao norte. En suma, consideraba que a norma era defendible.

Doutra banda por este motivo presentouse unha avalancha de solicitudes de licenzas no Concello, compensando o que se dicía sempre de que en época de crise había menos licenzas que antes. O que pasou agora contradicía en certo modo as afirmacións do grupo de goberno.

En suma coidaba que a norma en si contiña beneficios para todos os veciños e non sabía se tamén os recollía para os construtores

Desde a formación nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** explicou que a moción non viña a facer dano algún. A norma agora en vigor non contaba co apoio do P.P. e tampouco dalgúns alcaldes do PSOE, nin por suposto co dos promotores de vivendas. Pero si, fronte ao que dixo o voceiro popular. O Decreto tiña vantaxes para os veciños, en xeral, e para outros en particular. Tamén contaba con outros apoios, como os dos discapacitados,

recibiu os avais das organizacións ecoloxistas, do Colexio de Arquitectos e doutros colectivos interesados.

O Decreto do hábitat supuña cambiar a política actualmente vixente, que miraba impasible fronte ao aumento continuo do prezo de venda das vivendas, sen pararse a mirar a calidade das mesmas. Esta norma era unha oportunidade para mellorar este eido.

Con evidente sorna, afirmou que era tan absurdo este decreto, que determinaba como medidas que se aumentaran as superficies mínimas de 26 a 49 m² nos dormitorios. Desde 1978 non se cambiaban algúns aspectos, por exemplo que pasaran algúns habitáculos de 7 a 9 m², de 12 a 19 m², de 16 a 21 m² e os cuartos de baños de 2 a 5 m². Era igualmente absurdo que os patios interiores pasaran a contar con 16 m². Seguía sendo absurdo a normativa do hábitat galego a cumprir que reclamaba que os teitos e os pisos foran máis altos que os que se construían ata agora, que as estancias sexan todas exteriores, ou que os ascensores dos edificios baixen ata os garaxes. “Esta norma era destrutiva e negativa, sen dubida”, dixo con evidente ironía.

Preguntou ao P.P., que arremetía contra esta norma *¿por qué o P.P. non recorre tamén a lei do litoral?*

Finalizou afirmando que a realidade era que este decreto recollía melloras da calidade de vida nas vivendas.

Sendo as 13,40 horas chegou D. Xosé Crespo Iglesias, quedando con doce o número de concelleiros do P.P. con tres os do grupo socialista e con tres os do grupo nacionalista.

De novo **D. Román Rodríguez González** amosouse sorprendido pola postura do voceiro socialista. Coidaba que lle parecía normal ao apoio do representante nacionalista, pero non acababa de entender a do primeiro. Afirmou que o PSOE mandaba na Fegamp onde estaban todos os Alcaldes e estes “van á xugular”, recorrendo dito decreto.

Interveu a continuación o Sr. Alcalde-Presidente. **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que o Sr. Presidente da Xunta Sr. *Emilio Pérez Touriño* parecíalle o Presidente máis flexible de todos os presidentes que houbo ata agora, porque un día dixo que “a norma non había por onde collela”, e ao día seguinte dixo o contrario.

Esperaba a postura do voceiro do BNG, pero non así a do grupo socialista. Afirmou que o decreto do hábitat levaba boa intención no fondo, pero pasouse de rosca; e non vai a facer áxil a tramitación do urbanismo, senón que vai enredar máis aínda. “*O sal van vela en seguida*”, afirmou, en moitos temas que xerarán novos conflitos. O problema coa Fegamp era que invadía competencias dos Concellos, e iso era o que se cuestionaba.

D. Manuel María González Aller volveu reiterar que non lle estrañou o decreto porque lle parecía unha cousa razoable, e coidaba que ao cidadán estaba tamén a favor do mesmo. Era unha norma para seres humanos que axudaría por

exemplo a acceder ás distintas habitacións a algúns colectivos e era beneficioso para a condición humana. Co sistema actual había vivendas en que había que ser atletas para realizar algunhas actuacións, entre elas os de movementos de enfermos e discapacitados. Coa nova norma, isto evitaríase. Parecía pois unha norma razoable. Eles desde logo non ían apoiar a especulación no tema da vivenda, que houbo ata agora e non van cambiar a súa postura diante desta moción.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada dixo que era indefendible a postura do grupo popular; as verbas que falaban de que custarían máis cartos as vivendas, de que os veciños se hipotecarían de por vida eran mensaxes “bestiais” aos promotores.

D. Román Rodríguez González dixo que el tiña un escrito dos colexios dos arquitectos técnicos en contra do decreto.

D. Xosé Crespo Iglesias volveu insistir en que “cada cal fala da festa según lle vai”. O P.P. estaba en contra desta norma, pero por convicción propia e non para defender aos promotores ou contratistas. A Fegamp, entidade que aglutinaba aos Alcaldes e que actualmente era do PSOE, opúxose a esta norma. Segundo el, o voceiro nacionalista defendeu ben a súa postura, pero non sucedía o mesmo co representante socialista. Recomendoulle ao *Sr. González Aller* que chame a “*Paula*”, a Sra. Alcaldesa de Silleda coa que coincidiu na sesión da Xunta de Goberno da Mancomunidade a semana pasada para ver o que pensan os Alcaldes do seu partido.

Era certo que os pisos serían de mellor calidade con esta norma, pero quixo deixar claro que o P.P. non defendía ós promotores de vivendas. Estes non perderán cartos coa norma, porque repercutirán o custe que lle supón esta norma no prezo final de venda das vivendas. Este prezo componse de solo, construción e as ganancias. A suma destes tres aspectos daba o prezo da vivenda. Non perderán cartos, pero o prezo de venda da vivenda subirá e o que impedirá a moitos veciños acceder a ela. Había cambios que melloraban a superficie das novas edificacións e outros tendentes a mellorar a calidade de vida. Pero sucedía tamén que a norma invadía competencias dos Concellos; por iso estaba o recurso da Fegamp. Finalmente o decreto non procedía agora porque estamos en época de crise do sector da construción.

De novo **D. Manuel María González Aller** insistiu en que a norma aprobouse polo Goberno de Galicia, e entre eles polo Sr. Presidente.

O Sr. Xosé Crespo Iglesias reiterou o xa dito antes. Engadiu que non se sabía moi ben cal era a postura do actual goberno autonómico neste así como noutros temas, porque había un goberno A e un goberno B, dúas formas de gobernar e que invadía as competencias municipais que estaban na lei de bases do réxime local.

D. Manuel María González Aller volveu insistir en que agora había máis solicitudes, máis peticións de vivendas que antes e baixaría o seu prezo.

Sometida a votación ordinaria mediante o sistema de man alzada a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) do P.P.

Votos en contra: seis (6) dos que tres (3) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **APROBOUSE A MOCIÓN** cos seguintes antecedentes:

As Normas do Hábitat Galego que aprobou o Consello da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro, á proposta da Consellería de Vivenda e Solo, e que veñen de entrar de vigor o 17 de abril, pretenden fixar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.

Desde a súa entrada en vigor todos os sectores implicados veñen manifestando a súa oposición, e dando conta dos efectos negativos que, de seguir adiante, terá esta norma nun prazo curto de tempo.

Co obxectivo de evitalos o grupo municipal popular presenta esta iniciativa para o seu debate e aprobación pola vía de urxencia no Pleno deste Concello de Lalín.

A devandita Normativa substitúe o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992 e recolle todos os parámetros aos que deben axustarse todas as vivendas que se constrúan en Galicia, ben sexan de prezo libre ou ben contén con algún réxime de protección.

O grupo municipal do PP afirma que, estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas polo que supón unha mellora das condicións de vida dos cidadáns, defende sen embargo que o Decreto de Habitabilidade aprobado pola Xunta, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que na práctica suporán evidentes prexuízos aos veciños. O aumento da calidade das vivendas dos lalinenses debe facerse baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que xeran un rexeitamento xeral.

A Constitución garante a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Non obstante, as Normas do Hábitat Galego

aprobadas supoñen unha intromisión e un ataque frontal á autonomía local, xa que segundo teñen sinalado moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Planos de Ordenación Municipal, ao ser un regulamento claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos que se derivarán a curto prazo da súa recente posta en marcha: invasión na autonomía municipal, o encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, a parálise dos planeamentos en fase redacción ou un exceso de regulamentación na materia. A normativa, tal como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous ditames emitidos, invade competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademais de que pola súa imprecisión e ambigüidade xerarán inseguridade xurídica.

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un “aluvión” de solicitudes de licenzas de construción antes da súa entrada en vigor, a pesar de que estamos a vivir a nivel galego un proceso de ralentización do sector da construción. No caso deste Concello de Lalín, na última semana previa á entrada en vigor do Decreto, solicitáronse licenzas para a construción de once edificios cun total de 130 vivendas, e oito vivendas unifamiliares, unha cifra considerable, tendo en conta o parón que se vive no sector.

Así mesmo os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que neste grupo municipal recollemos de todos e cada un deles. A Fegamp vén de recoñecer explicitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da Administración Local e mesmo o Presidente da Xunta de Galicia ten pedido “flexibilidade” á Consellería de Vivenda na aplicación da mesma.

Tendo en conta que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores produtivos, o Concello de Lalín veríase claramente prexudicado pola aplicación deste Decreto. Os primeiros prexudicados serían os propios veciños que sufrirían un considerable aumento do prezo das vivendas e que logo abrangería o conxunto da actividade económica coa conseguinte paralización dos sectores económicos esenciais. Así mesmo, a aplicación do Decreto afectaría negativamente á recadación municipal e consecuentemente frearía a capacidade para prestar servizos deste Concello.

Xa que logo o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

1.- Solicitar á XUNTA DE GALICIA a derogación do actual Decreto 262/2007 de 20 de decembro que aproba as Normas do Hábitat Galego e elaborar no seu lugar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, representadas pola Fegamp, dos sectores empresariais e dos profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns, de xeito que non dificulte o desenvolvemento económico e urbanístico dos concellos galegos.

2.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería da Vivenda e do Solo, á Fegamp e ao Colexio de Arquitectos de Galicia.

10.-ROGOS E PREGUNTAS.-

PSdeG-PSOE.-

Por escrito.

En relación coa celebración do Cocido do Vaticano:

1º.- ¿Cree esta alcaldía que os 20 mil euros da Obra Social de Caixanova foron ben empregados na “Obra Social” do Cocido do Vaticano?.

Responde o Sr. Alcalde e indica que tal e como estaban algunhas preguntas nas que se preguntaba e se daba a resposta, a contestación da Alcaldía ía ser unha.

A celebración deste evento demostra a capacidade de xestión do grupo de goberno. Do custe deste Cocido no Vaticano, uns 20.000 € pagóunos a obra Social da entidade Caixanova e outros 248,71 € o Concello de Lalín, arroxando un custe total de 20.248,71 €.

Non tiña sentido que se lle pregunte por unha iniciativa que apenas lle custou nada ao Concello. En canto aos fines da Obra Social, indicou que esta entidade tiña uns apartados para certames, e entre eles, os gastronómicos e como non había presentadas outras peticións, o Concello de Lalín conseguiu este importe como subvención.

2º.- ¿Que beneficios vai aportar o citado evento aos lalinenses, agás o de pretender unha montaxe mediática de promoción individualista do Sr. Alcalde?.

D. Xosé Crespo Iglesias respondeu dirixíndose á edil en cuestión textualmente: “pregúntelle a D. Francisco Vázquez (Embaixador de España na Santa Sede) se valeu ou non valeu a pena o Cocido ou ao Sr. Secretario Xeral de Turismo da Xunta de Galicia, D. Rubén Lois. Non foi o Cocido o único acto,

formou parte dunha Exposición sobre o Xacobeo, unha ofrenda ao Apóstolo Santiago e dúas conferencias: unha de D. Román Rodríguez González e outra de D. Rubén Lois. Houbo mesmo unha petición para coñecer e tamén para aprender a difusión do Cocido que se realizaba en Lalín por parte do embaixador da República de Colombia”.

D^a. Marta Lázara Fontao tras indicar que se o grupo de goberno lle valeu a pena organizar este evento, tamén habería cartos e debería instalarse o ascensor no Museo Ramón Aller.

D. Xosé Crespo Iglesias contesta dicindo que é pura demagogia; en principio si fai falta o ascensor, e tamén a promoción do Cocido de Lalín, e a económica dos pavillóns de Galicia, e ao mellor deixamos de cobrar os asistentes as dietas e dedicamos o seu importe a outros fins.

En relación ao mantemento dos centros educativos:

1º.- De todas as actuacións que no seu día demandaron os centros de ensino de EI e EP na visita que o Sr. Alcalde realizou aos mesmos en días previos ás eleccións:

a) ¿Cantas se levaron a cabo?.

O Sr. Presidente dixo que respostaría por escrito.

b) ¿En que centros?.

O Sr. Presidente dixo que respostaría por escrito.

c) No caso de que non se realizaran ningunha das demandas solicitadas, ¿haberá que esperar outros catro anos?.

O Sr. Presidente dixo que respostaría por escrito.

Formuladas oralmente:

D^a Marta Lázara Fontao:

1.- PREGUNTA.- ¿Está ou non paralizada a obra de “Construción do novo edificio do Concello”?

D. Xosé Crespo Iglesias resposta negativamente.

2.-ROGO.- Xa que vostede segue sen asistir ás sesións do Pleno en toda a súa duración e as súas ausencias coinciden xeralmente coa mocións da oposición, pídelle que asista á totalidade da sesión plenaria.

D. Xosé Crespo Iglesias responde indicando que el cando se marcha, faino para acudir e resolver temas pendentes do Concello que non poden esperar e que son máis importantes.

3.- ROGO.- Que se limpen as beirarrúas deste pobo, e por terceira vez reitera que pide isto. Na próxima sesión plenaria vou traer algo destes restos de lixo.

D. Xosé Crespo Iglesias indica que non os poña na súa beirarrúa, senón na da que fai o rogo. Por certo D. Jaime Peñafiel felicítoulle por estar tan limpo Lalín.

Reclama entón **D^a. Marta Lázara Fontao**, como segunda parte do rogo, que despois desta sesión plenaria o Sr. Alcalde vaia con ela a comprobar in situ o estado da rúa onde está a miña casa e a limpeza que reclama.

4.-ROGO.- Que se poñan contedores de todo tipo na zona de Feás que non os hai.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D. Manuel María González Aller.

1.- ROGO.- Que se lle comunique aos grupos da oposición os acordos plenarios adoptados, a quen foron dirixidos e as contestacións que houbo sobre os mesmos.

O Sr. Presidente quedou enterado.

1.- PREGUNTA.- A luz da rúa ou zona do Rodo, igual que había este problema antes, agora haino na zona de Carragoso, dentro do casco urbano, *¿forma parte dalgún plan de aforro enerxético do Concello a falta de luz nesa zona?*

D. Xosé Crespo Iglesias contesta negativamente, que con avarías contadas que cando se pode se arranxan e solucionan.

2.- PREGUNTA.- *¿Canto custou a asistencia á Feira do Libro de Lalín de D. Jaime Peñafiel?*

Respondedeu **D. Manuel Gómez Estévez**, afirmando que custou dous mil trescentos euros, pero aínda non chegou a factura e non podía corroboralo.

Tamén respostou **D. Xosé Crespo Iglesias** no sentido de que coas axudas de Caixanova e á Deputación Provincial non ía custar nada ao Concello esta celebración e indicou que o que tiña que apreciar a oposición era a xestión do grupo de goberno e do Concello para traer a estes personaxes á Feira do Libro.

BNG.-

De xeito oral:

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada:

1.- PREGUNTA.- ¿É verdade que cobrou o Sr. Sánchez Dragó catro mil setecentos euros pola súa estadía na Feira do Libro de Lalín?, ¿non é isto unha indecencia considerando que é alucinante que se cobre esa cifra por asistir a unha charla coa escasa asistencia de xente que acudiu á mesma?.

O Sr. Presidente dixo que respostaría por escrito.

2.- ROGO.- Volve reiterar que se retiren os letreiros do Centro Comercial Pontiñas, xa reiterado noutras ocasións:

O Sr. Secretario dixo que se estaba a estudar porque eses carteis forman parte dun estudo de tráfico aprobado co Plan Parcial do de dito zona.

D. Xosé Crespo Iglesias indica que, apuntando ao Sr. Camilo González Bodaño que o vindeiro día 17-5-2008, co gallo da homenaxe a D. Xosé Cuíña Crespo, debера estar polo menos reiterada a do cruce e a da esquina da rúa de dita avenida.

3.- PREGUNTA.- ¿Cando se van facer efectivas as anunciadas medidas de tráfico (plan de tráfico)?

Contesta D. Xosé Crespo Iglesias salientando que o cambio da parada dos taxistas se fará o antes posible o cambio.

D^a. Susana Rodríguez Cambón:

1.- ROGO.- Que ante de que chegue o bo tempo se arranxen as fontes situadas no camiño da Prata, Camiño francés.

O Sr. Presidente quedou enterado.

2.-PREGUNTA.- ¿Como está o Concello en relación coa Axenda-21?

D. Xosé Crespo Iglesias indica que estamos na Axenda 21 e estamos como outros tantos concellos, na mesma situación. Engade afirmando que non é o mesmo “predicar, que dar trigo”. Por exemplo a multa de 6000 € que se impuxo ao Concello pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible por baldear con auga as rúas do Regueiriño e logo a propia consellería no río Asneiro fixo un depósito de rodas e botou enriba do mesmo terra para que non se vira. ¿Que multa lle correspondería a esta Consellería por eses feitos?, preguntouse.

3.- PREGUNTA.- ¿Hai previsto algún plan de choque por parte do Concello?

D. Xosé Crespo Iglesias contesta dicindo que sabe que se está a elaborar un plan pola Consellería de Traballo. Cando estea rematado supón que se dará publicidade do mesmo. Coidaba que o corenta por cento do persoal da empresa “Proinsa” estaba xa recolocado e agora coas parcelas máis baratas do Polígono de Catasós que o Concello promovía, esperaba que se montaran novas empesas e que contribúa a soste a situación económica da comarca.

4.-ROGO.- *D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude* pide que en relación co nome da rúa A Nogueira veu unha veciña afectada xunto a ela para dicirlle que o nome correcto era As Nogueiras, en plural. Pide polo tanto que se cambie dito nome.

O Sr. Xosé Crespo Iglesias, Presidente, asentiu e dixo que se tomara nota. Todos os edís presentes admitiron esta corrección do nome aprobado e agora corrixido.

E non habendo outros asuntos que trataren, sendo as catorce horas e vinte e oito minutos do día ao comezo indicado, no mesmo lugar onde comezou a sesión, polo Sr. Presidente levantouse a mesma. De todo isto pola miña condición de Secretario e fedatario dou fé.